

O pleno de Redondela reprobou a Alberto Pazos

A Agrupación de Electores de Redondela presentou no pasado pleno ordinario de novembro unha moción para que a corporación reprobara a xestión de Alberto Pazos na concellería de Cultura, Turismo e Patrimonio. A moción, que finalmente se debateu no pleno de decembro, foi aprobada cos votos de PSOE e BNG. AER criticou varias cousas da xestión de Alberto Pazos: que tente xustificar a súa incompetencia escusándose na xestión do goberno anterior, que non fixera nada para reducir o enorme gasto que supón o Conservatorio, a súa **falta de transparencia** por non responder a peticións por rexistro e ocultar o contrato do Lolapop, as **duras críticas das asociacións**, a ausencia de bases para subvencións, a imposibilidade de saber os gastos e ingresos das festas, o incumprimento da promesa electoral do "libro branco de Cultura" e que o concelleiro de Cultura non se preocupe polo cumprimento da **ordenanza municipal sobre o uso do galego**.

Tanto BNG como PSOE fixeron extensiva a reprobación a todo o goberno local do PP. Non queren personalizar a crítica en Pazos e non esperaban máis do PP. Dixeron que o responsable máximo é o alcalde. O voceiro socialista criticou a mala fe do goberno local por presentar unha comparecencia posterior de Pazos para ter a última palabra; e avisou que no caso de celebrarse, non a debaterían.

Alberto Pazos, ao "estilo Chopi", fixo lectura dun escrito onde **enumerou os supostos logros da súa concellería**, como a Coca Simona (aínda non nos contestou canto valeu o seu deseño) ou a mellora do Monte Penide. Ata incluíu nos seus logros algúns eventos que xa se viñan realizando dende hai moitos anos, como



Plataforma en Defensa da Cultura

o Entroido de Verán e a Festa do Choco, ou eventos organizados pola Fundación Illa de San Simón, como o *Neuromagic* e o *Sinsal*. Incluso presumiu de traer á orquestra París de Noia!. Dixo que non hai bases, pero si hai criterios. **Tentou desviar o debate** sobre a súa xestión criticando que o representante de AER en Radio Redondela non asista a reunións nin conteste correos, criticando a Chopi por falar un **galego "tabernario"** e acusando ao voceiro de AER de adicar poucas horas ao Concello.

O concelleiro de AER explicou que non pode ir a algunhas comisións porque ten o seu traballo e **nunca cambian a hora para que poida ir**; e aclarou que o problema do representante da Agrupación nas reunións de Radio Redondela foi por un mal envío nos correos electrónicos. Rematou o debate da moción manifestando que as incompetencias e irresponsabilidades en Cultura son culpa de Alberto Pazos por acción e de Javier Bas por omisión, díxolle ao equipo de goberno que non se esqueza que o PP está gobernado en minoría e insinuou que dada a súa forma de proceder, **"tal vez sería mellor que o timón do Concello de Redondela cambiase de mans"**.

Cos únicos votos en contra de AER, aprobáronse as condicións para a concesión da xestión privada da piscina de Chapela

Nun pleno extraordinario celebrado o 20 de novembro, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para a adxudicación da xestión do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela. A concesión será dunha **duración inicial de 4 anos, prorrogable, e o Concello pagará á empresa que a xestione ata 10.000€ ao mes polo consumo de auga, electricidade e biomasa** (120.000€ ao ano: ata 50.000€ en electricidade, 40.000€ en biomasa e 30.000€ en auga).

O PSOE votou a favor dicindo que hai unha demanda social para que se abra a piscina. O voceiro do PP recoñeceu que **non son os mellores pregos posibles**, pero xorden como consecuencia da mala situación económica actual, que é dura para os cidadáns, o Concello e as concesionarias. O BNG abstívose "por responsabilidade" e xustificou o seu voto de confianza explicando que dentro de catro anos pode modificarse o sistema de xestión, pasando de privada a pública.

AER votou en contra porque defende unha xestión pública da piscina, non está de acordo con unha xestión privada e menos con subvencionar á empresa con 120.000€ ao ano. O seu voceiro criticou que non se convoque a Comisión de Seguimento de Servizos Privatizados e criticou que non facilitaran uns informes sobre unha posible xestión da piscina mediante a creación dunha **fundación ou cooperativa con participación do Concello, informes pedidos por AER e pedidos dende o Consello Parroquial de Chapela**.

AER pediu a comparecencia do concelleiro de Interior para dar explicacións sobre o Servizo de Emerxencias

Despois das declaracións na prensa onde Arturo González tachaba de "irresponsables" aos grupos da oposición por rexeitar o convenio de tres meses do GRUMIR mancomunado, AER solicitou a súa comparecencia, onde Chopi lle preguntou se tamén sería responsable a oposición se ocorrese un accidente na madrugada do ano novo ou nas festas do verán. Chopi lembrou o traballo feito por AER para lograr un servizo de emerxencias legal e permanente e preguntou cales van ser o servizos de emerxencias a partir de xaneiro do 2013.

O concelleiro de Interior explicou que Redondela en xaneiro vai ter o mesmo que ten agora, tres prazas pero só dúas son operativas, e que en breve, cando rematen as oposicións, serán 3 Xefes Grumir os que formen o Servizo de Emerxencias Municipal.

O voceiro de AER criticou que Arturo mentira cando lles dixo que o borrador do convenio con Vigo o estaban estudando en Intervención, porque en Intervención "nin o cheiraron". Tamén criticou que aínda non se lle

facilitara a AER un informe dos técnicos onde conste a quen corresponde a responsabilidade ou competencias para determinar que unha situación é de carácter excepcional ou que cumpre cubrir necesidades urxentes e inaprazables, para permitir ao Concello a contratación de persoal para o Servizo de Emerxencias. Por último, recriminoulle que esa proposta electoral de 3 meses non era a solución permanente que prometeron varias veces.

Arturo González recoñeceu que AER foi o único grupo político que aportou propostas nas reunións co resto dos partidos e dixo que o posible convenio cos bombeiros de Vigo era inasumible economicamente polo Concello.

O PSOE tamén pediu a comparecencia do concelleiro de Interior para que explicara as razóns que levaron ao Concello a tramitar a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias na zona do Petán, preguntou se estaban dacordo e criticou que non avanzaran na elaboración do Plan Xeral. Arturo González dixo que había informes técnicos favorables e que non tiran a toalla na elaboración do PXOM.

O goberno local respondeu a numerosas preguntas e rogos de AER e do PSOE



Vertido no río Pexegueiro

Ante unha pregunta de AER sobre vertidos aos ríos, o concelleiro de Medio Ambiente dixo que "**os trapos sucios lávanse en casa**", que o problema é que hai tubarías moi antigas e que van tratar de solucionar estes problemas pouco a pouco. AER preguntou pola **coberta que solicitaron os taxistas** para a parada principal, explicando o concelleiro de Urbanismo que non é un investimento pequeno e que o están estudando. AER tamén preguntou polo traballo que ten feito o goberno local para recuperar a zona das **telleiras de Cesantes**, ao que o voceiro do PP contestou que xa tiveron reunión con Costas para ampliar o paseo.

O PSOE interesouse polo **saneamento do Cadaval** (O Viso), pola futura **praza de Alejandro Otero**, polo Centro de Día e polo Consello Parroquial de Cesantes, respondendo o goberno local que ese saneamento non se vai poder facer a curto prazo e agardan aos novos orzamentos, que houbo problemas de axenda e axiña van fixar unha data para inaugurar a praza, que o **Centro de Día de Cesantes** comezará a funcionar ao longo do 2013 e que o Consello Parroquial desta parroquia convocarano o máis axiña posible.

AER rogu que se estude instalar **baños públicos** nas gaiolas en desuso do parque infantil da alameda, que se apague a calefacción cando non sexa necesaria nos edificios públicos coa fin de aforrar en gasto enerxético e tamén rogu que se pida á compañía eléctrica competente que retire os postes en mal estado ou fóra de uso no Chan das Pipas e en Trasmañó, así como os que están mal situados no medio de estradas e beirarrúas. O goberno local non contestou a ningún dos rogos de AER.

O grupo municipal do PSOE rogu que se subsanen os desperfectos do **paseo da Portela**, contestando o alcalde que se están a facer continuamente tarefas de reparación polos numerosos actos vandálicos e sinalou que certos materiais empregados na súa construción traen este tipo de problemas. O PSOE rogu que lles entregasen os informes que hai do **tellado do colexio de Quintela**, ao que o alcalde respondeu que lle dará de inmediato o único informe dispoñible.

**Enlaces
de interese:**

www.faloderedondela.com
www.radioredondela.com
www.redondela.tv

Aprobadas varias mocións de contido social presentadas por PSOE e BNG nos plenos de novembro e decembro

Por unanimidade de toda a corporación, aprobouse unha moción do BNG que acorda manter e mellorar os recursos municipais de **axuda ás vítimas de violencia de xénero** e insta á Xunta a mellorar a dotación orzamentaria para esta fin; tamén por unanimidade saíu adiante unha moción do PSOE que rexeita a eliminación, por parte do goberno central, da partida orzamentaria adicada á **teleasistencia**, e insta á Xunta e Deputación a sufragar o seu custe.

Cos votos en contra do PP e cos votos a favor de toda a oposición, aprobouse unha moción do BNG a favor da **Folga Xeral do 14 de novembro**. PSOE e BNG presentaron dúas mocións para instar ao goberno do Estado a tomar medidas para cambiar a lei hipotecaria e tentar dar solución ao drama dos **desafiuamentos** (dación en pago, moratorias, aluguer social...) así como para tomar medidas a nivel local (comisión especial para desafiuamentos, que o Concello prescinda dos bancos que non colaboren...). A moción do BNG aprobouse por unanimidade, mentres que na do PSOE, o PP abstívose argumentando que non estaban dacordo con algún dos puntos, onde se pedía que o Concello extinga os contratos cos bancos que non apliquen as medidas solicitadas na moción.

Por outra banda, aprobouse por unanimidade apoiar un **manifesto contra a pena de morte** presentado por Amnistía Internacional; tamén se aprobou unha moción do BNG que esixe á Xunta adicar unha partida dos orzamentos do 2013 ao **cambio da cuberta do Colexio de Quintela** e outra moción do BNG para celebrar unha reunión entre Concello, Fenosa e veciños para tratar o problema da instalación do **transformador na Portela**.

Rexeitada unha moción de AER sobre o canon que pagarán os comuneiros de augas de Redondela

Cal era a proposta da Agrupación de Electores de Redondela?

1) Instar á Xunta de Galiza e á entidade "Aguas de Galiza" a que **o canon sexa integramente administrado polas propias comunidades de augas de Redondela**, en tanto non recuperen os custos dos servizos efectuados ata o momento, previa valoración das súas infraestruturas e traballos de mantemento acreditados. E que posteriormente **sexan administradores directos do 80% dos ingresos por ese concepto, que irán destinados á mellora e mantemento das infraestruturas que xestionan**.

2) En consonancia co anterior, o Concello de Redondela porá a disposición destas Comunidades o persoal técnico necesario para a elaboración deste trámite administrativo e apoiará a estas perante as instancias mencionadas para que cheguen a bo termo.

3) Creación dun Consello Municipal de Augas que inclúa as Comunidades de Augas e representantes dos grupos da corporación coa finalidade de atender ás necesidades de ditas comunidades, coordinar as necesidades de servizos como controis das augas e tramitacións de documentos, xestión conxunta de gastos propios da conservación das infraestruturas, tramitación de axudas, etc. Tendo, este órgano, carácter consultivo previo para calquera decisión respecto da política de augas municipal ou extramunicipal na que participe o Concello.

4) Nomear por parte do Grupo de Goberno un interlocutor directo coas Comunidades de Augas que, entanto non se constituía este Consello de Augas, sexa a persoa, político ou funcionario, que responda as inquiredanzas de ditas comunidades de augas e lles facilite os trámites e asesoramento que precisen.

5) Solicitar o establecemento dun convenio con Augas de Galiza para a axilizar os procedementos administrativos relativos á cidadanía redondelana, así como ás comunidades de augas do Concello segundo establece o artigo 22.6. do Regulamento do canon da auga Anexo ó DECRETO 136/2012, do 31 de maio.

6) Creación dun servizo especial ata finalizar o primeiro semestre de 2013 para facilitar as tramitacións de:

- Acreditación do número de habitantes por vivenda.
- Dedución das cotas a familias numerosas.
- Exención por causas de situación de exclusión social.
- Facilitación dos trámites das Comunidades de Augas relativos á súa condición de suxeito pasivo.

Resultado da votación:

10 votos en contra (PP) 2 abstencións (BNG) 9 a favor (8 PSOE + 1 AER).

Algunhas intervencións:

PSOE (Eduardo Reguera): Felicítanos por entrar no clan dos que instan, pedirían directamente a derogación da lei e fala de cando se poña en práctica esta lei. Debe ter algún "lapsus" de memoria porque non é a primeira vez que instamos, a diferenza é que sempre referido a Redondela e non a temas xerais (ao alcalde fíxolle moita gracia porque lle anotou un tanto, 1-0. Está moi gracioso nos plenos). Tampouco recorda que neste Pleno xa nos pronunciamos por maioría contra a Lei de Augas e parece que tampouco lembra que **a Lei de Augas íxa esta vixente e funcionando!**

(continúa)

(Ven da páx. anterior)

BNG (Cecilia Pérez Orge): Abstívose por non estar dacordo con varios puntos, despois de, como sempre, querer mellorar as mocións introducindo emendas. Ademais di algunhas cousas.....:

- Que o canon repercute nas administracións cando fixeron investimentos, aínda que aclara que en Galiza levar a auga ás casas foi traballo das comunidades veciñais. Iso si, con colaboración das administracións. Pon de exemplo o caso de Redondela. Nós non imos vulgar nin cuestionar a súa referencia, aínda que atopamos 7.000€ no 2010 (partida 1611A 48900 *Subv. control traídas de augas 7.000,00*). Respecto de que o canon repercute nas administracións, esa é a teoría do canon: recuperación de custos. Teoría que, polo que se ve comparte co PP.

- Respecto do punto 3, non lle parece ben porque "*hai que ter en conta que son privadas, que xestionan algo que é privado*". Aparte de aclararlle que **non xestionan algo privado, senón público, a auga**, o seu concepto do carácter das Comunidades de Augas non o compartimos.

- Tamén engade unha mestura de "razoamentos" respecto dos puntos 3 e 4 que nos fan pensar que non os leu ou que cando os leu só pensou en non aceptalos, cousa habitual respecto das propostas de AER. Que volvan lelos.

Entenden tamén que devolverlle o recadado polo canon, cos controis correspondentes, complícalle moito a administración ás traídas. Pero acaban de criticar a proposta de axuda para facilitar ese aspecto burocrático! Cústanos entendelos e iso que o tentamos! Como non se lle aceptou a emenda e tampouco quixeron votar por puntos, **o PP foi quen de rexeitar as propostas da moción.**

Que dixo o PP? Pois: "AS COMUNIDADES DE AUGAS NON PAGAN O CANON"

Como "sempre", Alberto Pazos non minte. Porque **as comunidades de augas non pagan o canon** a non ser que o soliciten como xestoras dese cobro. **PAGARANO OS COMUNEIROS**, tal e como nos le no punto 5º do acordo entre o presidente da Augas de Galiza e o presidente da COXAPO, que agrupa (segundo o sr. Pazos) á maioría das traídas de Pontevedra. Esqueceu dicir Pontevedra Sur, porque do interior e do norte non hai ningunha afiliada á COXAPO, segundo informa na súa propia web. Fai referencia o sr. Pazos a **este acordo, que non consta en ningunha das publicacións oficiais da Xunta**. Nin na lei, nin nos decretos nin nas ordes que desenvolven a lei. Ademais, na lectura dese acordo de cinco puntos o máis relevante é o emprego de futuros hipotéticos:

1.- Regulamento: acordo para o desenvolvemento do Regulamento Pero o que si hai publicado (que cada quen o lea) é o seguinte:

DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais. ORDE do 26 de xuño de 2012 pola que se aproban os modelos de declaración e autoliquidación do canon da auga e do coeficiente de vertedura creados pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. CORRECCIÓN de erros. Orde do 26 de xuño de 2012 pola que se aproban os modelos de declaración e autoliquidación do canon da auga e do coeficiente de vertedura creados pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

2.- Contadores: " O **anteproxecto incidirá ...**" (pois iso, hipotético: "anteproxecto" e "incidirá") ("E as pensións tampouco se tocarán" dicían tamén...).

3.- Usos domésticos por captación propia ou a través de comunidades de augas: "a base impositiva determinarase por estimación obxectiva e se hai contadores e por estimación directa". Vaia que claramente **interpreta Alberto Pazos que ... ¿non se vai cobrar o canon?**

4.- Usos mixtos doméstico, gandeiro e/ou agrícola: Supoñemos que Alberto Pazos e o PP entenden que este é o caso dos comuneiros, e aínda así, nós remitímonos ao que di o decreto mencionado.

5.- Estableceranse os requisitos para que nas comunidades de usuarios os suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes sexan os comuneiros e terán o mesmo tratamento que os usuarios con captacións propias. De novo remitímonos ao decreto e xulguen vostedes.

DOS PUNTOS 4), 5) e 6) DA MOCIÓN NON SE ARGUMENTOU, ASÍ QUE VAIANSE PREOCUPANDO VOSTEDES POLO QUE LLE COBRAN E **BÚSQUENSE A VIDA PARA SOLICITAR AS EXENCIÓNS QUE LLE POIDAN CORRESPONDER, OU PARA XUSTIFICAR QUE NA SÚA VIVENDA NON SON TRES, SENÓN MENOS OU MÁIS. ESPEREN UN PAR DE MESES E DESPOIS SE CADRA CORRÍXENLLE OS DATOS.**

ACHÉGATE!!!



Se queres denunciar irregularidades, suxerir melloras, despxear dúbidas ou formar parte de AER, ponte en contacto en

info@aeredondela.com

Correo: Paseo da Xunqueira, 33-1º

Cantos máis sexamos, máis poderemos facer!

Síguenos en



Non me tires, pásame ou recíclame!!!

PAPEL RECICLADO

BOLETÍN Nº 12

31 XANEIRO 2013